

RESOLUCIÓN do 2 de agosto de 2024 pola que se nomea persoal laboral fixo do grupo I, categoría titulado/a superior, do cadro de persoal do consorcio Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia.

O 16 de febreiro de 2024 publicouse no *Diario Oficial de Galicia* (DOG) a Resolución do 8 de febreiro de 2024 pola que se convoca o proceso selectivo para o ingreso, pola quenda de promoción interna separada, no grupo I, categoría titulado/a superior, do cadro de persoal do consorcio Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia; de conformidade co establecido no Decreto 143/2023, do 9 de novembro, polo que se aproba a oferta de emprego público correspondente a prazas de persoal funcionario e laboral da Administración xeral e das entidades instrumentais do sector público autonómico da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2023 (DOG núm. 214, do 10 de novembro).

Mediante a Resolución do 9 de abril 2024, a Dirección de ACSUG nomeou ao tribunal cualificador do proceso selectivo (DOG núm. 76, do 17 de abril).

Mediante a Resolución do 30 de xullo de 2024, o tribunal cualificador do proceso selectivo publicou a relación de aspirantes que superaron o proceso selectivo e propuxo o seu nomeamento como persoal laboral fixo.

Con data 2 de agosto de 2024, acreditouse que as persoas seleccionadas reúnen os requisitos e condicións esixidas na convocatoria do proceso selectivo.

De acordo con todo o indicado, RESOLVO

- 1 Aprobar a proposta feita pola tribunal cualificador do proceso selectivo e nomear ás persoas que se relacionan no anexo desta resolución como persoal laboral fixo do grupo I, categoría titulado/a superior, do cadro de persoal do consorcio Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG), trala superación do proceso selectivo convocado pola Resolución do 8 de febreiro de 2024 (DOG núm. 34, do 16 de febreiro).
- 2 Notificarlles ás persoas seleccionadas que deberán formalizar o seu contrato no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Non obstante, as persoas interesadas poderán interpor un recurso potestativo de reposición no prazo dun mes ante o órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpor o recurso contencioso-administrativo antedito mentres non se dite resolución expresa ou presunta do recurso administrativo de reposición, ao abeiro dos artigos 123 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Santiago de Compostela, 2 de agosto de 2024

José Eduardo López Pereira
Director de ACSUG



ANEXO

Persoas seleccionadas para a contratación como persoal laboral fixo

Grupo:	I	Categoría:	titulado/a superior	Núm. postos:	7
DNI:	Nome:				
***9595**	Belmonte Otero, Isabel				
***2196**	Castro Pais, María Dolores				
***9151**	López Lorenzo, Ana Isabel				
***2187**	Mallo Rey, Marta María				
***2227**	Martínez Lafuente, Aitor				
***9898**	Rico Rey, Francisco				
***8210**	Velón Sixto, Luis Carlos				

